



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

**DOSSIER DE
PRENSA**

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

PROGRAMA CULTURAL 2022



**XUNTA
DE GALICIA**



10

MUSEO
CENTRO
GAIÁS

**DOSSIER DE
PRENSA**

**CIDADE DA
CULTURA DE
GALICIA**

**PROGRAMA
CULTURAL
2022**

PROGRAMA CULTURAL DO GAIÁS EN 2022

A Cidade da Cultura de Galicia presenta para este ano unha programación centrada nas colaboracións internacionais, na itinerancia de exposicións a vilas e cidades dentro e fóra de Galicia e no apoio á creación. Apostamos por achegar á cidadanía galega unha programación cultural de calidade, atractiva e inclusiva, que estimule o interese polas artes, pola cultura, pola natureza e pola tecnoloxía.



01

**200 actividades
culturais para
chegar a 250.000
persoas**

Aspiramos a incrementar as cifras de participantes da actividade cultural acadadas en 2021, continuando a **tendencia ascendente**.



02

**Festexamos os 10
anos do Museo
Centro Gaiás**

Artellamos unha programación especial para **celebrar unha década de vida do Museo Centro Gaiás**, que desde que abriu as súas portas en 2012 ten conseguido a confianza de institucións e coleccións de arte de referencia de todo o mundo.



03

**25 exposicións
e intervencións
artísticas**


Cifra récord na programación expositiva do Gaiás.



04

Colaboracións internacionais

Colaboración co **Vitra Design Museum** (a través da Fundación 'la Caixa') na exposición *Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño 1924-2020* e préstamos de destacadas coleccións museísticas de toda Europa para a grande mostra *Camiños Creativos*, como o Victoria & Albert Museum, o Palacio Pitti, o Holburne Museum a Thyssen-Bornemisza Art Contemporary ou o Museo do Prado, entre outros.



05

Un Gaiás máis alá do Gaiás: itinerancias expositivas

Unha decena de itinerancias dentro e fóra de Galicia:

- Capitais como París e Madrid
- Cidades e vilas galegas como Vigo, Ourense, Lugo, Lalín ou Tui



06

Impulso á creación: Residencias Artísticas do Gaiás (REGA)

Continuamos a consolidar o programa de residencias para creadores e creadoras, apoiando proxectos de artes plásticas, escénicas, música ou literatura e incorporando como novidade a **creación dixital e os videoxogos**.



07

Programación didáctica

Destinadas a centros de ensino galegos, as **visitas educativas presenciais volven ao museo** e continuamos a reforzar o programa de visitas en liña por videoconferencia.



08 Unha programación consolidada

Citas consolidadas como **Escenas do Cambio**, **Atardecer no Gaiás**, o **Encontro de Artistas Novos** ou a oferta de **programación familiar** non faltarán tampouco na programación da Cidade da Cultura, volvendo con azos renovados.

09 Xacobeo 21-22

Presente de xeito transversal na programación e eixo de intervencións artísticas e paisaxísticas, e espectáculos musicais e escénicos.



PROXECTOS DESTACADOS




CARNE y ARENA (virtualmente presente, físicamente invisible)

Unha experiencia
immersiva do cineasta
Alejandro G. Iñárritu

Gañadora dun Oscar,
chega por primeira vez á
Península

+ INFO PÁX. 8



Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño 1924- 2020

Unha colaboración co
Vitra Design Museum e a
Fundación 'la Caixa'

Con obras de Dalí, Man Ray,
Giorgio de Chirico ou Le
Corbusier

+ INFO PÁX. 10



Camiños creativos

Unha grande exposición
internacional para despedir
o Xacobeo 21-22

Con obras do Victoria &
Albert Museum, Holburne
Museum, Palacio Pitti,
Thyssen-Bornemisza Art
Contemporary, Museo do
Prado ou Reina Sofía

+ INFO PÁX. 12



Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950-1970)

Unha homenaxe ao
principal pintor galego do
século XX

Poderá verse en París,
Madrid, Santiago e Lalín

+ INFO PÁX. 11

PROGRAMACIÓN 10º ANIVERSARIO MUSEO GAIÁS

CARNE y ARENA

(VIRTUALMENTE PRESENTE,
FÍSICAMENTE INVISIBLE)



**Museo Centro Gaiás, andar 1
Xullo - setembro de 2022**

Experiencia conceptual de realidade virtual do cineasta mexicano **Alejandro G. Iñárritu**, gañadora dun **Oscar®**, que explora a condición humana e as experiencias das persoas migrantes e refuxiadas.

Será a primeira vez que esta **experiencia inmersiva de vangarda** chegue á Península Ibérica, tras poder visitarse en varias cidades dos Estados Unidos, Canadá ou América Latina.

Baseada en relatos reais, permite ás persoas visitantes pasear por un vasto espazo e experimentar en profundidade un fragmento

das viaxes persoais das persoas refuxiadas, a través dunha secuencia de realidade virtual que crea un espazo multinarrativo de luz con personaxes humanas.

Está producida por Legendary Entertainment, Emerson Collective, PHI Studio e Fundación Prada e presentada en asociación con 90_20.

Estreouse no 70º Festival de Cinema de Cannes como o primeiro proxecto de realidade virtual na historia do festival.

En 2017, Iñárritu recibiu un Oscar® especial por CARNE y ARENA, sendo recoñecida pola Academia como unha experiencia narrativa excepcional.



DÍA DOS MUSEOS

Dentro da programación especial con motivo do 10º aniversario do Museo Centro Gaiás, terá un lugar destacado a celebración do Día Internacional dos Museos, o 18 de maio, cunha programación de actividades reforzada e dirixida a que toda a cidadanía festexe coa Cidade da Cultura os dez anos do Museo Centro Gaiás.

PROGRAMA DE VISITAS

De abril a decembro 2022

Tamén se desenvolverá un programa especial de visitas comentadas e teatralizadas, destinado a desvelar espazos habitualmente ocultos e a achegar á cidadanía o xeito de traballar dun dos principais Museos de Galicia.

COMPLETAN ESTA PROGRAMACIÓN ESPECIAL DE ANIVERSARIO DISTINTOS EVENTOS QUE SE IRÁN DEBULLANDO AO LONGO DO ANO, E QUE INCLUIRÁN DESDE ESPECTÁCULOS MUSICAIS A INSTALACIÓNS NOS ESPAZOS DO MUSEO.

PROGRAMACIÓN EXPOSITIVA NO MUSEO CENTRO GAIÁS

Ás dúas exposicións que aínda poden visitarse no Museo, *Castillo, escultor* e *O Camiño Portugués*. *Lembranzas de mar e pedra*, súmanse en 2022 seis novas propostas expositivas:




XACOBEO. AS PEGADAS DO CAMIÑO

Museo Centro Gaiás, andar 1
Marzo–maio 2022

- Escolma de pezas senlleiras sobre os testemuños que, desde hai máis dun milenio, a ruta xacobeana e a peregrinación a Compostela deixan na historia, a cultura, a arte, a literatura, a paisaxe ou a política. Tomando como eixo os distintos significados da palabra "pegada", compila 211 pezas orixinais, das que máis dun centenar pertencen aos fondos da Biblioteca Nacional de España.
 - Comisariado: Darío Villanueva
 - Coa colaboración da Biblioteca Nacional de España e Acción Cultural Española
 - Enmarcada na programación do Xacobeo 21-22, chega ao Museo Gaiás procedente da Biblioteca Nacional, en Madrid, onde puido verse do 10 de novembro de 2021 ao 6 de febreiro de 2022, congregando 18.934 asistentes.
-

PROGRAMACIÓN EXPOSITIVA NO MUSEO CENTRO GAIÁS



OBXECTOS DE DESEXO. SURREALISMO E DESEÑO 1924–2020

Museo Centro Gaiás, andar 2
Abril–agosto 2022

- O surrealismo inspirouse no deseño e nos obxectos cotiás, pero o impacto que tivo este movemento artístico no campo do deseño é pouco coñecido.
- A exposición explora o intercambio en ambas direccións, xustapoiando obras de arte surrealista e pezas de deseño dos últimos cen anos.
- A Santiago chegarán icónicas obras de **Dalí, Man Ray, Giorgio de Chirico, Le Corbusier, Meret Oppenheim, Yves Tanguy** ou **Leonor Fini**.
- Tamén de grandes deseñadores como Ingo Maurer, Gaetano Pesce, Carlo Mollino ou Ray Eames.
- As pezas expostas pretencen aos fondos do Vitra Design Museum e a outros prestadores internacionais como a Fondation Le Corbusier de París, a Fondazione De Chirico de Roma ou o Museo Den Bosch de Holanda, entre outros.

• Comisariado: Mateo Kries (director do Vitra Design Museum)

• Coa colaboración da **Fundación 'la Caixa'** e o **Vitra Design Museum**.

— Situado na fronteira entre Alemaña e Suíza, o Vitra é un dos museos máis importantes do mundo no ámbito do deseño. Conta cunha colección exclusiva de mobles, iluminación e deseño de interiores.

— Cada ano, organiza ata dez exposicións que poden verse no seu edificio principal, de Frank Gehry, e outros emprazamentos do Vitra Campus. Moitas destas exposicións tamén itineran en museos asociados por todo o mundo.



VÍA DA PRATA. AIRES DO SUR

Museo Centro Gaiás, andar 3
Maio–setembro 2022

- Seguindo a liña iniciada por *O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra*, a exposición mergúllase nas paisaxes, vilas e xentes que habitan o percorrido da Vía da Prata a través da ollada de fotografías históricas –como Jean Laurent ou Lluís María Vidal– e contemporáneos –como Cristina García Rodero, Juan Manuel Castro Prieto ou Laura Martínez Lombardía–.
- Comisariado: Lucía Laín
- No marco do Xacobeo 21-22




FOI UN HOME. LAXEIRO EN AMÉRICA (BUENOS AIRES, 1950-1970)

Museo Centro Gaiás, andar 3
Setembro–decembro 2022

- Con motivo da homenaxe da Real Academia Galega de Belas Artes a Laxeiro no Día das Artes Galegas, a Xunta artella unha programación cultural especial do “Ano Laxeiro” que incluírá, como unha das grandes apostas, esta exposición itinerante cunha destacada escolma de obras da madurez do pintor, centrada na súa etapa de Buenos Aires, onde entra en contacto con correntes estéticas como os informalismos, e tamén coa intelectualidade galega exiliada na Arxentina.
- A exposición viaxará de Lalín a Madrid en primeiro lugar, posteriormente ao Museo Gaiás e finalmente ao Instituto Cervantes de París.
- Comisariado: Carlos L. Bernárdez
- Coa colaboración do: Concello de Lalín, Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, Instituto Cervantes e Embaixada de España en Francia.

PROGRAMACIÓN EXPOSITIVA **NO MUSEO CENTRO GAIÁS**



DE LUGARES E COUSAS. **COLECCIÓN DE ARTE** **BANCO SABADELL**

Museo Centro Gaiás, andar 2
Outubro 2022–marzo 2023

- Escolma da prestixiosa colección de arte da Fundación Banco Sabadell. Achégase á natureza propia dos lugares, fiada a través da xeometría, o territorio ou a memoria, e das olladas creativas dalgúns dos máis destacados artistas das últimas décadas.
- Comisariado: Montserrat Corominas e Miquel Molíns
- Coa colaboración da Fundación Banco Sabadell



CAMIÑOS **CREATIVOS**

Museo Centro Gaiás, andar 1
Novembro 2022–abril 2023

- Proxecto expositivo de dimensión internacional que pechará a programación expositiva do Goberno galego con motivo do Xacobeo 21-22.
 - Explora a relación entre o desprazamento e o proceso e resultado da creación artística: camiñar para crear.
 - A mostra incluírá máis dun centenar de obras con ampla presenza de préstamos de destacadas coleccións internacionais como o Victoria & Albert Museum, Holburne Museum, Palacio Pitti, Thyssen-Bornemisza Art Contemporary, Museo Fabre de Montpellier– e tamén de Galicia e España –Colección Abanca, Colección Afundación, Colección La Caixa, Museo Nacional del Prado, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía–.
 - Comisariado: Monserrat Pis Marcos
-

PROGRAMACIÓN EXPOSITIVA NA BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA



1. Reimundo Patiño. O desacougo creador

Biblioteca de Galicia
Do 28 de xaneiro ata maio de 2022

- Organízase con motivo do Día da Ilustración, dedicado este ano ao pintor, ilustrador e gravador coruñés, considerado un dos pais da banda deseñada galega.

2. Mulleres Sobranceiras: entre a economía doméstica e o mundo empresarial

Arquivo de Galicia
Do 8 de marzo ata xuño de 2022

- Organízase con motivo do Día da Muller. Amosará diferentes documentos que se custodian no Arquivo de Galicia e que ilustran o papel desenvolvido polas mulleres no ámbito da economía privada e pública ao longo da historia.

PROGRAMACIÓN EXPOSITIVA NA BIBLIOTECA E ARQUIVO



3. Letras Galegas 2022. Florencio Delgado Gurriarán

Biblioteca de Galicia
Do 17 de maio ata novembro de 2022

- Mostra bibliográfica con fondos da Biblioteca de Galicia para homenaxear a figura á que se lle dedica este ano as Letras Galegas.

4. Constelación Luz. Luz Pozo Garza (1922-2022), Poesía, Arte e Vida

Arquivo de Galicia
Do 9 de xuño ata outubro de 2022

- No Día Internacional dos Arquivos inaugúrase esta mostra dedicada a Luz Pozo Garza, con motivo do centenario do seu nacemento este ano (o 21 de xullo). No 2016 ela mesma fixo unha doazón das súas coleccións privadas tanto ao Arquivo como á Biblioteca de Galicia.

5. Mostra conmemorativa do Día das Bibliotecas

Biblioteca de Galicia
**Do 24 de outubro de 2022
ata maio de 2023**

- Mostra bibliográfica con fondos da Biblioteca de Galicia. Temática por determinar.

6. Mostra homenaxe a María Casares

Biblioteca de Galicia
**Do 21 de novembro de 2022
ata xaneiro de 2023**

- Mostra bibliográfica con fondos da Biblioteca de Galicia, en homenaxe a María Casares. Inaugurarase coincidindo co centenario do seu nacemento, o 21 de novembro de 2022.
-

INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS NOUTROS ESPAZOS DO GAIÁS

A tres propostas creativas xa confirmadas, co Xacobeo como eixo temático transversal, sumaranse outras que se atopan actualmente en desenvolvemento e que se materializarán en diferentes intervencións nos espazos exteriores e naturais do Gaiás.



1. Dúas torres. Dous camiños

Intervención artística nas Torres Hejduk

Marzo–agosto 2022

- Citerea (Ana Luengo, Coro Millares, Mariano Redondo, Jaime Luengo)
- No marco do Xacobeo 21-22

2. A porta aberta

Intervención artística nas Torres Hejduk, no marco do Encontro de Artistas Novos (intervención gañadora XI edición)

Setembro 2022–xaneiro 2023

- Lúa Gándara
- No marco do Xacobeo 21-22

3. Constelación vieira

• No marco do Xacobeo 2021-2022, e dentro do abano de accións que está a emprender a Xunta de Galicia para promover a creación cultural en Galicia, este ano inaugurárase a intervención gañadora do concurso convocado pola Cidade da Cultura para a realización dunha nova instalación artística que ocupe o antigo emprazamento de *Singularidade* (a 'Bóla de libros'), no que se convidou a artistas a presentar propostas orixinais e inéditas conectadas co Camiño de Santiago.

• A escollida será *Constelación vieira*, unha proposta da arquitecta Inés J. Pedras que, partindo dos principios da arquitectura biométrica e aplicando a estética e principios técnicos de estruturas naturais como as cunchas e caparazóns, diseña un pavillón orgánico en madeira a partir de pezas ensambladas entre si.

• Inés J. Pedras ten experiencia profesional como arquitecta en Tokio, Madrid e Londres. Antes de contar co seu propio estudio (Gemstones Architecture) traballou co recoñecido arquitecto xaponés Kengo Kuma.

ITINERANCIAS EXPOSITIVAS



1. Xacobeo. As pegadas do Camiño

Do 10 de novembro de 2021 ao 6 de febreiro de 2022

Biblioteca Nacional de España. Madrid



2. Galicia futura

Febreiro–abril de 2022:
Sala de Exposicións Sede Afundación en Lugo

Maio–xuño de 2022
Sala de Exposicións Sede Afundación en Vigo

Xullo–agosto de 2022
Centro Cultural Marcos Valcárcel en Ourense



3. Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950-1970)

Abril–xuño de 2022
Museo Municipal de Lalín

Data por confirmar
Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Madrid

Decembro 2022–febreiro 2023
Instituto Cervantes. París



4. O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra

Maio–setembro de 2022
Museo do Mar de Galicia. Vigo

Outono 2022
Tui

IMPULSO Á CREACIÓN: PROGRAMA REGA



En 2022 outra das apostas decididas do Gaiás será o programa REGA, iniciado en 2021 como aposta da Xunta de Galicia por impulsar a creación artística e cultural desde a Cidade da Cultura.

REGA pon os espazos, recursos, e equipos técnicos da Cidade da Cultura ao servizo de creadoras e creadores de dentro e fóra de Galicia.

Inclúe propostas de eidos como a escena, a danza, as artes performativas e visuais, o teatro e a literatura.

Como novidade en 2022, a creación dixital e os videoxogos súmanse ao abano de disciplinas creativas que terán acubillo na Cidade da Cultura e que incluírán seis actividades en residencia –ás que se sumarán máis ao longo do ano– coas que apoiar arredor de 25 proxectos artísticos.

REGA afortala a rede de relacións da Cidade da Cultura co ecosistema cultural galego e internacional, a través da colaboración con institucións e colectivos como o Centro Dramático Galego, o colectivo RPM ou a Universidade de Vigo.

PROGRAMA DIDÁCTICO



Tamén un ano máis, a Cidade da Cultura desenvolve un ambicioso programa didáctico destinado a que os centros de ensino galegos tiren o máximo proveito das potencialidades educativas do seu programa cultural.


Exposicións do Museo Gaiás como *O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra* ou *Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño 1924/2020* ofrecen enormes posibilidades didácticas que se materializan en:

- **Visitas comentadas presenciais** en sala, que retornaron este curso ao Museo tras o parón da pandemia.

- **Visitas en liña por videoconferencia**, acción que continúa a potenciarse, con moi boa acollida por parte da comunidade educativa, e que achega os contidos do museo a centros de ensino que por razóns loxísticas teñen máis complicado desprazarse ao Gaiás.

- **Outras actividades didácticas presenciais**. Pensadas para diferentes niveis educativos, inclúen propostas como xincanas nas salas do museo ou teatro musical para poñer en valor referentes da investigación e da ciencia.

EN 2022 non se deixan de lado tampouco consolidadas citas da programación do Gaiás, que retornan con azos renovados, así como novidades que se irán debullando ao longo do ano:



Escenas do cambio

O festival de teatro e arte en acción volve en maio, novamente baixo a dirección de Lola Correa e, neste ano con novidades como unha homenaxe a María Casares no seu centenario.

Atardecer no Gaiás

Unha das citas clásicas que non faltará un ano máis no verán compostelán, cun completo ciclo de concertos que se celebrarán en xullo e agosto.

Encontro de Artistas Novos (#EAN12)

Chega xa á súa duodécima edición, unha consolidada traxectoria que este ano reforzamos coa presentación dunha **publicación conmemorativa**, que compila os e as artistas que participaron no Encontro.

Lecer para a cativada

Completa a oferta a tamén consolidada programación familiar do Gaiás, conformada tanto por actividades estacionais para familias, como destinadas a conmemorar datas sinaladas (Día das Letras, Día do Teatro, Mes da Ciencia en Galego, Entroido, Nadal...) e impulsadas tanto desde o Museo Gaiás como a Biblioteca de Galicia.

RESTO DA PROGRAMACIÓN

Pequefilmes

EN FAMILIA

29 e 30 de xaneiro de 2022

Edificio CINC

→ Tamén retransmisión en liña

Matinais musicais

MÚSICA E ESCENA

Sábados, 5 e 12 de febreiro e 5 de marzo de 2022

Museo Centro Gaiás, andar -1

→ Ciclo de concertos

Conmemoración nacemento Rosalía de Castro

EN FAMILIA

26 de febreiro de 2022

Biblioteca e Arquivo de Galicia,
Auditorio Neira Vilas

→ Obra de teatro en homenaxe a
Rosalía de Castro

Programas estacionais de obradoiros en familia

EN FAMILIA

INVERNO

Sábados 26 de febreiro e 5 de marzo de 2022

Museo Centro Gaiás, Espazo 229

PRIMAVERA

Abril e maio

Museo Centro Gaiás, Espazo 229

VERÁN

Xullo e agosto de 2022

Xardín literario, explanada do lago

OUTONO

Outubro e novembro

Museo Centro Gaiás, Espazo 233

Clásicas desfeitas. Vol 4. Arte sen guión. Galeatro

REGA

18, 19 e 20 de marzo de 2022

Museo Centro Gaiás, andar -1

→ En colaboración co CDG

Día da Narración Oral

EN FAMILIA

19 de marzo de 2022

Biblioteca e Arquivo de Galicia,
Auditorio Neira Vilas

→ Espectáculo: "Os contos de
Pablísimo"

Clásicas desfeitas Vol 5. Auto da Barca. Moving Compass

REGA

25, 26 e 27 de marzo de 2022

Xardín Literario

→ En colaboración co CDG

Día do Teatro

EN FAMILIA

26 de marzo de 2022

Biblioteca e Arquivo de Galicia,
Auditorio Neira Vilas

→ Espectáculo: "A nena que
vivía nunha caixa de mixtos", de
Caramuxo Teatro

Día das Artes Galegas

EN FAMILIA

9 de abril de 2022

Biblioteca e Arquivo de Galicia
Obradoiro Lenzo en negro
(coñecendo a Laxeiro)

Día da Banda Deseñada

En familia

30 de abril de 2022

Biblioteca e Arquivo de Galicia
→ Obradoiro de creación de cómic

Exposición Homenaxe a María Casares. Pedro Soler

ACCÍONS DIVULGATIVAS

Do 5 de maio ao 28 de agosto de 2022

Museo Centro Gaiás, andar 0

→ Presentación dentro do festival
Escenas do Cambio

Día das Letras Galegas. Florencio Delgado Gurriarán

LETRAS E PENSAMENTO

Primeira quincena de maio

Varios espazos

→ Gravación e difusión de lectura comentada

EN FAMILIA

14 de maio de 2022

Biblioteca e Arquivo de Galicia

→ Espectáculo: "Polos vieiros de Florencio"

RESIS en residencia. Exhibición you erase yourself

REGA

Maio e xuño de 2022

Museo Centro Gaiás

Actividades polo Día do Medio Ambiente

VISITAS E ACCIÓNS DIVULGATIVAS

Actividades días 3, 4 e 5 de xuño

Bosque de Galicia

Día da Música

EN FAMILIA

18 de xuño de 2022

Biblioteca e Arquivo de Galicia

→ Espectáculo: "Ópera Breaks"

Ciclo Musical de outono

MÚSICA E ESCENA

Sábados en outubro e novembro

Museo Centro Gaiás

Mes da ciencia en galego

EN FAMILIA

Sábados de novembro

Biblioteca e Arquivo de Galicia

→ Obradoiros infantís

Nadal no Gaiás

EN FAMILIA

Do 16 de decembro de 2022 ao 6

de xaneiro de 2023

Varios espazos

Programa de visitas comentadas

ACCIÓNS DIVULGATIVAS

Todo o ano

Varios espazos

→ Programa de visitas guiadas á arquitectura e exposicións do Gaiás e tamén con motivo de datas especiais.

→ Outras actividades por concretar, en diferentes espazos, con motivo de conmemoracións como o **Día da Tradución**, o **Día das Escritoras**, o **Día do Libro e do Libro Infantil e Xuvenil**, ou o **Día da Poesía**.



**CIDADE DA
CULTURA DE
GALICIA**

**PROGRAMA
CULTURAL
2022**



**Xacobeo
21·22**



**XUNTA
DE GALICIA**